



<b>INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS DATOS PERSOAIS</b>
<p>Aos efectos previstos no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e conforme ao previsto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos persoais proporcionados incorporaranse aos sistemas de tratamento e ficheiros da UVigo.</p>
<b>RESPONSABLE DO TRATAMENTO</b>
<p>O tratamento da información facilitada no formulario é responsabilidade da UVigo.  Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a:  Universidade de Vigo. CIF: Q8650002B. Edificio Exeria. Campus Universitario s/n, 36310, Vigo (Pontevedra) Teléfono: 986 812 000  Delegado de Protección de Datos: Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas, s/n, 32004 Ourense, teléfono +34 988 368 834, e correo electrónico <a href="mailto:dpd@uvigo.gal">dpd@uvigo.gal</a></p>
<b>FINALIDADE</b>
<p>Na UVigo tratamos esta información co fin de resolver a súa solicitude de admisión por recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).  Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recadaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos, así como para atender futuras solicitudes do interesado. Así mesmo terase en conta a normativa de arquivos e documentación.</p>
<b>LEXITIMACIÓN</b>
<p>A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento no cumprimento e as obrigas legais por parte da UVigo en relación coa lexislación universitaria. Concretamente, as derivadas da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.  Así mesmo, pola seguinte normativa:  -Reais Decretos 822/2021 e 412/2014 polos que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e normativa básica de admisión en ensi/nanzas universitarias oficiais de posgrao.  -Real Decreto 99/2011  -Regulamento de Estudos de Doutoramento  -Normas de xestión académica para titulacións de máster da UVigo reguladas polo Real decreto 822/2021, aprobadas en Consello de Goberno de data 22/07/2009 e modificadas con data 06/06/2014.  -Normativa de Permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e de máster da UVigo, publicada no DOG de data 30/06/2017.  -Resolución Reitoral pola que se publica a convocatoria de admisión e matrícula para as ensinanzas de posgrao da UVigo e Resolución Reitoral pola que se aproban as normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais e propias, referidas ao curso académico no que solicita a admisión.  E para os casos non cubertos pola mesma requirírase o consentimento expreso. A persoa interesada terá dereito a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.  No caso de que a persoa interesada non facilite os seus datos persoais imposibilitaría poder levar a cabo os tratamentos anteriormente descritos e cumprir as finalidades definidas no apartado anterior.</p>
<b>DESTINATARIOS</b>
<p>Para a adecuada xestión da súa solicitude de matrícula a tempo parcial, a UVigo require levar a cabo comunicacións dos seus datos de carácter persoal aos seguintes destinatarios:  Comisión Académica do Máster e Persoal docente responsable da materia, de ser o caso.</p>
<b>DEREITOS</b>
<p>A persoa interesada como titular dos seus datos terá dereito a exercer ante o Reitor da UVigo os seus dereitos en relación ao tratamento dos seus datos persoais.  A persoa interesada ten dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.  En determinadas circunstancias, a persoa interesada poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, neste caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.  No caso de que o tratamento se base exclusivamente no consentimento do interesado, e por motivos relacionados coa súa situación particular, a persoa interesada poderá opoñerse ao tratamento dos seus datos. A UVigo deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.  Así mesmo, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou á UVigo nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina así como a solicitar a portabilidade dos seus datos. Este último dereito quedará limitado polas seguintes condicións: que os datos sobre os que recae este dereito, foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados pola UVigo de xeito automatizado (medios informáticos).</p>
<p>A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos polos seguintes medios:  De forma electrónica: mediante solicitude en sede electrónica da UVigo  De forma presencial: mediante solicitude escrita presentada ante unha oficina de asistencia en materia de rexistro da UVigo ou ante as oficinas de Correos ou os rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Aportando unha copia do seu DNI. Pode atopar un formulario dentro do apartado da web da UVigo sobre protección de datos, no seguinte enlace: <a href="https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/3636">https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/3636</a></p>
<p>Igualmente poderá exercer os seus dereitos directamente ao Delegado de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas, s/n, 32004 Ourense, teléfono +34 988 368 834, e correo electrónico <a href="mailto:dpd@uvigo.gal">dpd@uvigo.gal</a>.</p>
<p>Así mesmo, a persoa interesada poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos <a href="https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/">https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/</a></p>